

ct

Animais drogados

de
Fernando Epelde

traducido por
Fernando Epelde

(fragmento en galego)

DOUS PÉS E UN RÉPTIL

Na parte traseira da furgoneta, María súa os cócteles gratuítos que tomou durante todo o día no hotel. A barra libre era abundante pero moi mala. Ao seu lado hai unha caixa de plástico gris sobre a que descansan algúns blisters de pastillas e unha garrafa de auga dunha marca india.

A voz no interior da súa cabeza soa dispersa e errática.

MARÍA

(Pensa) Que parvada! Unha serpe e dous pés. De onde cona virá esta imaxe? E xusto agora... Xusto agora!

Se puidese, ao menos, resolvela.

Pórlle un nome e abandonala. Arquivala tal e como me dicía o meu terapeuta. Pero aquí todo isto non ten sentido.

Esta imaxe non ten sentido.

Lembrar cousas, atopar as palabras axeitadas, non ser mal interpretada... Bah! Problemas do primeiro mundo!

Non sei se me dá máis medo o que está a pasar ou acabar atendida no hospital máis próximo.

(Mira pola fiestra)

Deus... este lugar non remata nunca, é como un decorado de cine. Todo o mundo quere fotografarse comigo.

Só porque son branca. Porque nunca viron, falado ou fodido cunha muller branca. Non... non, non, non... teño que concentrarme.

Antes de todo isto, antes dos complexos de hoteis e das rúas pavimentadas había un hospital... Lémbroo ben. Recordo telo visto cando me trouxeron aquí desde o aeroporto.

Como pode ser que non teñan un centro de asistencia dentro do complexo?

A botica era como o decorado de "*Farmacia de guardia*". Cando me deu a cando me fun pola pata abaixo tiven que mirar no teléfono o nome do produto europeo e buscar eu mesma un equivalente entre todas aqueles comprimidos sen catalogar.

Había medicamentos e drogas sen ningún distintivo por todas partes. E sen data de caducidade... É que non son capaces de ter un antídoto a man para situacións como esta? *(Mírase o brazo)*

Merda! Isto estase a pór moi feo.

Non sei se debería de tomar outro analxésico.

María aproxímase á caixa. A súa visión tórnase cada vez máis borrosa. Non sente exactamente dor, senón algunhas sensacións descoñecidas que, por novas, danlle medo.

As palpitacións no seu brazo esténdense tamén ao seu pescozo, ao seu sexo e a algúns puntos indeterminados do seu peito e as súas costas.

MARÍA

Non... non é unha serpe. É máis ben como un peixe de río. O que teño na cabeza son dous pés e un peixe de río.

E esas tetas... esas tetas brancas pintadas ao óleo.

Deus... como me ollaban todos aqueles indios. Fodíanme coa mirada.

O veneno está a subir. Non é como o imaxinaba. É moi lúcido. Moi claro. Parécese máis á vez que tomamos acedo antes de entrar naquel museo italiano que a cando -de pequena- picoume unha abella na fronte.

Síntome drogada, non ferida. *(Os seus pensamentos non seguen unha orde lóxica)*

E como me ollaban... como me miraban os camareiros e os responsables do hotel despois a picadura. Sen atreverse nin sequera a tocarme.

Quero un ibuprofeno ou o que cona sexa! Pero non me apetece achegarme máis á caixa. Fai moita calor aquí dentro.

As curvas da estrada desprazan a caixa que se achega á esquina onde María súa os restos da barra libre do complexo. Con grima, a muller propínalle unha patada ao plástico evitando a súa proximidade e mira cara á xanela buscando acougar os nervios.

MARÍA

Hotel... hotel... piscina... hotel... un home limpándose os dentes cun pau... un motorista contrafeito, riksas, nenos, nenos espidos... Merda! Outra vaca na estrada. Espero que non atopemos ningunha máis neste sentido. *(María ri, o seu discurso flutúa, a química converte os puntos en comas e os finais de frase en inicios de silencios.)*

Dous pés e unha carpa de río. Dúas tetas esbrancuxadas.

O conserxe do hotel xa me avisou de que aquí as vacas paralizaban o tráfico. Pensei que iso era algo que soamente sucedía nas películas.

(Volvendo á imaxe da súa cabeza) Esas tetas... esas tetas non son sacras. Non son dunha virxe.

Desde a caixa, sen previo aviso, resoa unha voz normal, pouco característica. Unha voz que non esperas cando algo ou alguén diríxese a ti desde o interior dun recipiente de plástico.

Ás veces... só ás veces, a voz sesea.

SERPE

Para ter excedido o límite da barra libre que establecía a túa axencia de viaxesss e ter pagado do teu peto os dous últimos Bloody Mary'sss, aínda tes un assspecto bastante decente.

MARÍA

Queres facer o favor de calar? O peor de todo está a ser ter que aturarte!

SERPE

Mírao polo lado bo, se cadra non fuches capaz de foder con ningún hindú no apartahotel, pero non se pode dicir que non esteasss a rendibilizar o prezo do billete.

María golpea a parede da furgoneta que hai ás súas costas para indicar ao condutor que acelere.

MARÍA

Imos, foder! Estou morrendo!

SERPE

Polo amor de deusss... non estás a morrer.

MARÍA

Estou mareada...

SERPE

Estás bébeda. Estásss drogada. É todo.

María colle unha pílula do blister e engólea cun bo grolo de auga.

SERPE

Eu que ti non bebería demasiado desa garrafa. Énchenas con auga da billa.

MARÍA

Pero... Como que...?

SERPE

Ninguén bebe auga no hotel, corazón. Non ten ssentido gastar nissso. Os turistas preferides cóctelesss.

María deixa a botella no chan con evidente desdén.

SERPE

É moi raro que non te levaras a ninguén á cama... Non che coñezo moito, pero debes de estar a facer algo mal. As túas tetas aínda están bassstante ben.

MARÍA

Estou a morrer, foder...

SERPE

Eu si que me estou morrendo.

MARÍA

Estou drogada... o veneno...

SERPE

Eu sssí que estou drogada.

Pausa.

SERPE

Vou até o cu, querida. Ponme a primeira inxección ben cedo para poder atender aos nenos ianquis gordechos que veñen acompañados dos seus paiss e logo xa é un non parar de doses cada vez máis altas ata que se pon o sol.

Ssson a serpe máis aburrida do mundo. Cando chega a noite, evidentemente, non teño ganas de nada.

Ao final da xornada, despois de enroscarme ao pescozo suorento e noxento dos últimos turistasss bébedos á procura de *fotos de conquistador* para pór no facebook, Amar lánzame un par de ratos pequenoss e pretende, aínda, que o deleite cun essspectáculo de caza.

En máis dunha ocasión, os ratos quedaron alí até a mañá seguinte, bebendo da miña auga ou escaparon, pasándome por riba mentres eu non podía nin mover a cola da resssaca.

Estou *colgada*, querida... pero non dunha árbore ou dunha liana. *Colgada* de verdade. Isssto é un puto inferno.

María continúa perdida nesa imaxe mental que reaparece de cando en vez e que se fai máis forte co veneno.

MARÍA

Un pé de neno e outro de muller. O do neno enriba...

SERPE

Que dis querida? Ti tamén estás *colgada*?

MARÍA

É unha imaxe que non logro sacarme de enriba. Parece o detalle dun cadro. Case podo ver as veladuras dentro da miña cabeza. O pé do neno pisa o pé da muller que, á súa vez, está a pisar a un ser horripilante. (*Mareada*) Cústame pensar...

SERPE

Os animais non pisamos nada... quero dicir... mírame, nin sequera teño pésss.

MARÍA

Non sabía que estabas drogada cando me mordiches.

SERPE

Sssempe estamos drogadas, entendesss? A serpe ao pescozo de todos eses cantantes de metal, os crocodilos a lombos dos turistas, a tarántula do mago ou o león do circo... Imosss! En serio? Que cona crees que podería ver eu de interesante en abrazarche ou en dessslizarme sobre ti?

MARÍA

Nunca o pensara antes.

SERPE

O único bo de achegarssse a un humano é comelo.

MARÍA

(Golpeando a parede) Imos, home! Non te pares agora!